

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE AGOSTO DE 2015

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/891/2014.-COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RÚA ARZÚA 13.- Conceder a licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas existentes situado na rúa Arzúa nº 13.

LIC/1686/2013.- JORGE SEOANE FERNÁNDEZ.- Conceder a licenza para realizar a construción de galpón para uso agrícola na rúa San Marcos.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

LIC/1666/2014.-COMUNIDADE DE PROPIETARIOS FONTE DE SAN ANTONIO 25.- Acceder á devolución da fianza depositada por importe de 1.000 € para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1545/2013 relativas ás obras de instalación de ascensor no inmoble sito na rúa Fonte de San Antonio nº 25.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de instalación dun ascensor no edificio de vivendas existentes situado na rúa Arzúa nº 13. (LIC/891/2014).

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción de galpón para uso agrícola na rúa San Marcos. (LIC/1686/2013).

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á devolución de fianza.

5.- Recepción de obras.

Acórdase a recepción das obras de reurbanización do Camiño da Raxeira (Plan DTC-93).

6 a 113.- Propostas da concelleira de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, sobre bens inmobles, no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Apróbanse as solicitudes de beneficios fiscais realizadas.

114.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación de bonificación no imposto sobre bens inmobles.

Denégase unha bonificación por non acreditar que o inmoble obxecto da solicitude sexa residencia habitual.

115.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación de bonificación no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Denégase unha bonificación por non cumprir os requisitos esixidos.

116.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento de recurso de reposición.

Rexéitase un recurso que solicitaba unha maior bonificación no imposto de bens inmobles, ratificándose a bonificación do 50% concedida no seu día pola Xunta de Goberno.

117.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á estimación de recurso de reposición.

Estímase un recurso que solicitaba unha maior bonificación no imposto sobre o aumento do valor dos terreos de natureza urbana, concedéndolle unha dun 75% fronte á do 50% aprobada no seu día pola Xunta de Goberno.

118.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense 28 exencións

119.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Recoñécense os créditos derivados de prestacións efectivamente realizadas en relación ás obras de mobilidade do barrio de Vista Alegre, do centro cívico do Romaño, dunha vivenda para realoxo na Muíña e da ampliación da rede de saneamento en Sarela de Arriba. Estes recoñecementos suman un total de 546.852,51 euros.

120.- Aprobación do expediente de reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015.

Apróbase o devandito expediente e iníciase o procedemento de contratación, cun tipo de licitación de 207.946,16 euros máis IVE.

121.- Aprobación do expediente de reparación da rúa Escarabuña e anexas. POS 2015.

Apróbase o devandito expediente e iníciase o procedemento de contratación, cun tipo de licitación de 246.599,29 euros máis IVE.

122.- Adxudicación do contrato de servizo de desratización no termo municipal de Santiago de Compostela.

Adxudícase o devandito contrato á empresa ARUMIA S.L., por un importe de 17.320 euros/ano máis IVE.

123.- Aprobación do expediente de subministro de consumibles de impresión para o Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o devandito expediente e iníciase o procedemento de contratación, cun tipo de licitación de 30.976,83 euros máis IVE.

124.- Adxudicación do contrato de obras para execución do proxecto básico e execución reformado de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal.

Adxudícase o devandito contrato á empresa DRAGADOS S.A., por un importe de 869.910,25 euros máis IVE.

125.- Corrección de erro no acordo número 16 da Xunta de Goberno de data 24.07.2015 titulado "Proposta do alcalde relativa á resolución da convocatoria do II concurso de Vídeo-creación para centros de ensino".

Procédese á corrección dun erro material relacionado co número da tarxeta de identificación fiscal dun dos centros galardoados.

126.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa a recurso de reposición interposto por don Manuel Ginarte Cabada contra o acordo da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de 20 de febreiro de 2015.

Estímase o devandito recurso -relativo á declaración do incumprimento do deber de urbanizar no polígono único do sector 1 do SUNP-31 de San Marcos- no que atinxe, única e exclusivamente, á declaración formal da caducidade do procedemento de declaración do incumprimento. Así, iníciase un novo procedemento de declaración.

127.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural para dar conta da sinatura do convenio cultural entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Cidade Vella.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 8.190 euros.

128.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural para dar conta da adxudicación das actuacións da rede cultural 2015 e da sinatura do correspondente convenio.

Dáse conta da devandita adxudicación, que inclúe actividades de teatro, maxia, contacontos, danza, música e títeres, e da sinatura do convenio.

129.- Prórroga de concesión das instalacións deportivas do Estadio de San Lázaro e San Lázaro II a favor do Club Sociedade Deportiva Compostela.

Acórdase a prórroga da concesión ata o vindeiro 30 de setembro de 2015.

130.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Artea Tennis de Mesa.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 12.000 euros.

131.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Triatlón Santiago.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 12.000 euros.

132.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Santiago Futsal.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 90.000 euros.

133.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Sociedade Deportiva Vilvestro.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 6.000 euros.

134.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Atletismo para o desenvolvemento do IV Circuito de carreiras saudables, "CorreSan".

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 10.000 euros.

135.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Sociedade Deportiva Compostela.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que o Concello achega 55.000 euros.

136.- Dar conta da presentación das xustificacións do ano 2014 das cantidades subvencionadas polo Concello á Fundación refuxio de animais e aprobación do convenio de colaboración coa devandita Fundación para o ano 2015.

Dáse conta da devandita xustificación e do convenio a subscribir, que establece a colaboración municipal no sostemento dos gastos de funcionamento da Fundación e unha subvención por importe de 135.621 euros. O convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2015.

URXENCIAS

1.- Acórdase a prórroga do contrato de Conservación, mantemento e reparación en pavimentos en viarios municipais no termo municipal non incluídos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago, adjudicado á empresa OVIGA, por un período de seis meses, a contar dende o 9 de setembro de 2015.

2.- Apróbese o recoñecemento de obrigas en relación á unha obra certificada.